

Falta de limpeza de fincas e incumprimento das distancias mínimas nunha plantación de eucaliptos .

Expediente: F.11.Q/3606/20

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2021

Estimado Sr.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente á falta de limpeza de fincas e incumprimento das distancias mínimas nunha plantación de eucaliptos.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito expón o seguinte:

*“1. El terreno con referencia catastral [REDACTED] plantado a eucalipto no guarda las distancias mínimas de 10 metros entre carretera y pastos de los alrededores. Solicito la retirada de árboles para el cumplimiento de la ley ya que están muy próximos a las casas, así como su limpieza por motivos de riesgo de incendio.*

*2. Denunciar el terreno [REDACTED] por cambio de uso de prado a forestal, recientemente plantado a eucalipto.*

*3. Limpieza de las siguientes fincas por riesgo de incendio y proximidad a zona urbana y carretera, además exigir el cumplimiento de la distancia de 10 metros desde la carretera por grave riesgo de incendio, ya que los propietarios no lo cumplen. Los terrenos serían [REDACTED].*

*Presenté en reiteradas ocasiones denuncia ante la sede de la Xunta de Galicia, ya que no cumple las distancias con carretera, ni con terrenos urbanos, ni las distancias entre el terreno y las casas.*

*Además dicho terreno no fue limpiado de maleza antes de la fecha límite fijada en las normativas Vigentes. También presenté queja ante la xunta y no recibí ningún tipo de contestación por eso me dirijo a esta institución..”*

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información á Consellería do Medio Rural que xa nola remitiu. No informe achegado pola Administración sinálase o seguinte:

“recibida neste Servizo Xurídico Administrativo unha solicitude de informe en relación coa tramitación de expedientes sancionadores derivados das denuncias presentadas por

[REDACTED], e descoñecendo os datos completos da Queixa referida, hei de informarlle de que das actuacións previas realizadas resultou o incumprimento das distancias establecidas na lexislación forestal - Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74, do 17 de abril), e Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia (DOG nº 140, do 23 de xullo) - en tres das parcelas obxecto das súas denuncias (as parcelas 30, 31 e 50 do polígono 62 do concello de Moeche), da mesma propietaria á que, en aplicación do previsto no artigo 68 bis da Lei 7/2012, se lle requiriu o seu cumprimento o pasado 9 de decembro, concedéndolle o prazo de tres meses previsto no mesmo artigo.

Transcorrido o dito prazo, procederá a comprobación polo axente forestal da situación das parcelas e, de manter os incumprimentos advertidos, iniciárase o correspondente expediente sancionador.”

#### ANÁLISE

Á vista do contido do seu escrito de queixa e da documentación achegada por vostede e do que se manifesta no informe da Administración, non parece que se estea a producir un suposto de mala administración pola Consellería afectada pois por esta estanse a realizar actuacións conducentes á solución do asunto, requirindo á propietaria das parcelas denunciadas para que se proceda a solucionar o incumprimento das distancias das plantacións e se proceda á limpeza pola propietaria.

#### CONCLUSIÓN

Tras a investigación realizada, na que se avaliou o contido da súa queixa e o exposto no informe do citado órgano, dedúcese que a administración implicada esta promovendo as actuacións necesarias para, tras os procedemento legalmente establecidos, proceder a dar solución o problema plantexado na súa queixa.

Por todo o anterior, resolvo dar por concluído este expediente ao considerar que a intervención desta institución, requirindo información sobre os feitos, orixinou que a administración afectada revisara a situación, comprobara o problema que motivou a súa queixa e adoptara as medidas adecuadas para resolvelo.

Ademais, comunicámoslle que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega. Neste sentido, no informe anual ao Parlamento de Galicia darase conta das queixas que foron solucionadas ou resoltas positivamente no curso das actuacións desta institución.

Agradézolle a súa confianza nesta institución e saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo